



1.- OBXECTIVOS. Incentivar a creación de novos proxectos empresariais emprendidos por empresarios/as individuais ou a través de pequenas e medianas empresas, independentemente da súa forma xurídica, dentro do ámbito municipal do Concello de Arteixo, e que se inicien entre o 01 de outubro de 2025 e o 30 de setembro 2026

2.- PERSOAS BENEFICIARIAS

Calquera persoa física ou xurídica cun novo proxecto empresarial que cumpra os seguintes requisitos:

- Desenvolver a súa **actividade** no Concello de Arteixo ou ter o enderzo o enderezo fiscal e social no termo Municipal de **Arteixo**, en caso de non dispoñer de establecemento permanente
- Estar en **situación de desemprego** no momento da alta no RETA
- Darse de **alta** en autónomos ou réxime similar
- Que sexan empresas de **nova creación**
- Presenten un **proxecto empresarial viable** técnica, económica e financeiramente
- **Non** estar dados de alta, como traballadores **autónomos**, en igual ou similar actividade empresarial nos **6 meses** inmediatamente **anteriores** ao inicio da actividade
- Estar ao corrente das **obrigas fiscais** co Concello de Arteixo, Xunta de Galicia e AEAT, e coa Seguridade Social
- **Compromiso** de manter a actividade por conta propia durante un período **mínimo de 2 anos**
- Ter concedidas ou solicitadas as **licenzas** de actividade necesarias, de ser o caso

3.- CONTÍAS

Consiste na subvención do **50% dos gastos de posta en marcha e do funcionamento dos 6 meses posteriores ao inicio da actividade**, sempre que por beneficiario non supere o límite de **3.000€**

4.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

O procedemento de concesión das axudas realizarase pola comprobación, por parte da Comisión de Valoración e Seguimento creada dentro da Concellaría de Promoción Económica, da concurrencia no solicitante dos requisitos establecidos, ate o esgotamento do crédito orzamentario

5.- PRAZO

O prazo de solicitude será do **10 de xullo ao 30 de setembro de 2026**. Para máis información consultar o **BOP N° 87 do 9 de maio de 2023** e o **BOP N° 128 do 09 de xullo de 2026**

6.- DOCUMENTACIÓN


SOLUCITUDE:

- Ficha de solicitude e demais anexos que aparecen na convocatoria
- Datos relativos á identidade do beneficiario, sexa persoa física ou xurídica, e de ser, representante e escritura de constituición inscrita no Rexistro Mercantil
- Alta no IAE
- Alta no réxime especial de traballadores autónomos ou réxime alternativo
- Informe da vida laboral actualizado do beneficiario/a
- Licenzas de inicio da actividade ou solicitude das mesmas, de ser o caso

XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN:

- Anexos de xustificación
- Facturas e xustificantes bancarios do pago das mesmas
- Fotografía do cartel informativo

INFÓRMATE

 981 65 91 47

 981 64 11 66

 emprego@arteixo.org

Concellaría de
Promoción Económica

INCENTIVAMOS A CREACIÓN DE NOVOS PROXECTOS

